



Estimadas familias!

O conxunto da comunidade educativa do centro percorrerá, dentro do horario lectivo (9-14 horas) **parte dunha etapa do “Camiño de Santiago sanabrés”** en tres tramos divididos en tres grupos de 150 alumnos cada un dende o lugar da Susana (6<sup>os</sup>,5<sup>os</sup> e 4<sup>os</sup> de Primaria) que unirás no lugar de Angrois ao segundo grupo (3<sup>os</sup>,2<sup>os</sup> e 1<sup>os</sup> de Primaria) e na Rúa Virxe da Cerca ao terceiro grupo (Educación Infantil) ata chegar a praza da Quintana, para retornar dende á dársena de Xoan XXIII en autobús ao centro, **o vindeiro 24 de Maio de 2019**

Esta actividade aprobada polo Consello Escolar, conta coa colaboración do Concello de Santiago (protección civil e policía local), da ANPA (pais e nais que acompañarán e guiarán ao alumnado xunto co profesorado) e dos titores legais que queiran colaborar.

O centro proporciona o transporte de ida e volta do alumnado e os tempos previstos son os seguintes: saída dende a Susana (9,15), dende Angrois (11,00), e dende a Virxe da Cerca (12,00 horas), sendo o retorno dende a dársena de Xoan XXIII ás 12,45 - 13,00 e 13,20 horas.

Os tramos da etapa (8,4 e 1 quilómetro aproximadamente) están indicados para as idades dos respectivos grupos e o perfil de cada unha delas é considerado sinxelo, e procurouse conquistar a máxima seguridade posible no tramo urbán non peonil.

O alumnado que por distintas razóns ou motivos persoais ou familiares non poidan realizar o camiño permanecerán no centro atendidos polo profesorado específico realizando actividades programadas polos seus respectivos titores. Aqueles outros que non poidan realizar o tramo completo do seu percorrido por motivos de saúde poderán indicarllo nas respectivas titorías para a consideración das posibles alternativas.



TRAMO URBÁN:  
 Rúa de Sar - Rúa do Ohido - Parque de Belvís - Rúa das Trompas - Rúa Virxe da Cerca - Rúa da Ensinanza - Rúa de Mazarelos - Arco e Praza de Mazarelos - Rúa Cardenal Payá - Rúa Trás Salomé - Rúa Nova - Rúa da Conga - Praza Quintana



Don/Dona \_\_\_\_\_ co DNI \_\_\_\_\_

pai,nai,titor,titora legal do alumno-alumna: \_\_\_\_\_

O/A AUTORIZO EXPRESAMENTE a realizar a actividade programada polo CEIP Ramón Cabanillas do “Camiño de Santiago sanabrés”, do que fun informado-a, o vindeiro Venres, 24 de Maio de 2019.

Para que así conste aos efectos de notificación e autorización expresa, asina a presente en Santiago de Compostela a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

Asdo: \_\_\_\_\_